

1. DATOS IDENTIFICATIVOS DA DISCIPLINA	
CÓDIGO	
MATERIA	Música e Canto.
DISCIPLINA	Linguaxe Musical I.
TITULACIÓN	Titulación Superior en Arte Dramática.
ESPECIALIDADE	Interpretación.
ITINERARIO	Textual y Gestual
CURSO	1º - 1º Cuadrimestre.
CRÉDITOS ECTS	3 ETSC (4 horas presenciais + 2 horas non presenciais, por semana)
CARÁCTER	Obrigatoria. Práctica.
DEPARTAMENTO	Interpretación – Area de Música e Canto.
CENTRO	Escola Superior de Arte Dramática de Galicia.
COORDINADOR/A	Mónica Groba Lorenzo.
DOCENTES	Nome e apelidos: Mónica Groba Lorenzo. Horario titorías: https://esadgalicia.com/curso-escolar/ Despacho: Departamento 2 – Corporal, Danza e Música / Aula P17. Contacto: mgroba@edu.xunta.es
DESCRICIÓN	<i>Estudo dos principios musicais (ritmo, melodía, etc...) encamiñados á comprensión, interpretación e creación. Linguaxe Musical: iniciación aos códigos de escritura e lectura musical.</i>
COÑECEMENTOS PREVIOS	Non son precisos.
LINGUA EN QUE SE IMPARTE	Galego <input checked="" type="checkbox"/> Castelán <input checked="" type="checkbox"/> Inglés <input type="checkbox"/> Francés <input type="checkbox"/>

2. COMPETENCIAS	
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS DE LA TITULACIÓN	
T1	<i>Organizar e planificar o traballo de forma eficiente e motivadora.</i>
T6	<i>Realizar autocrítica cara o propio desempeño profesional e interpersoal.</i>
T7	<i>Utilizar as habilidades comunicativas e a crítica construtiva no traballo en equipo.</i>
T9	<i>Integrarse adecuadamente en equipos interdisciplinarios e en contextos culturais diversos.</i>
T13	<i>Buscar a excelencia e a calidade na súa actividade profesional.</i>
T15	<i>Traballar de forma autónoma e valorar a importancia da iniciativa e o espírito emprendedor no exercicio profesional.</i>
COMPETENCIAS XERAIS DA TITULACIÓN	
X2	<i>Comprender psicolxicamente e empatizar para entender e sentir as vidas, situacións e personalidades alleas, utilizando de maneira eficaz as súas capacidades de imaxinación, intuición, intelixencia emocional e pensamento creativo para a solución de problemas; desenvolvendo a súa capacidade para pensar e traballar con flexibilidade, adaptándose aos demais e ás circunstancias cambiantes do traballo, así como a conciencia e o uso saudable do propio corpo e o equilibrio necesario para responder aos requisitos psicolóxicos asociados ao espectáculo.</i>
X4	<i>Comunicar, mostrando a capacidade suficiente de negociación e organización do traballo en grupo, a integración en contextos culturais diversos e o uso das novas tecnoloxías.</i>
X5	<i>Fomentar a expresión e a creación persoal, integrando os coñecementos teóricos, técnicos e prácticos adquiridos; mostrando sinceridade, responsabilidade e xenerosidade no proceso creativo; asumindo o risco, tolerando o fracaso e valorando de maneira equilibrada o éxito social.</i>

X6	<i>Desenvolver unha metodoloxía de traballo, estudo e investigación encamiñada á autoformación na propia disciplina, procurando ámbitos axeitados para a formación continuada e para adaptarse a diversas situacións, especialmente ás derivadas da evolución da súa profesión.</i>
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DE ESPECIALIDADE	
EI1	<i>Fomentar a autonomía e autorregulación no ámbito do coñecemento, as emocións, as actitudes e as condutas, mostrando independencia na recollida, análise e síntese da información, no desenvolvemento de ideas e argumentos dunha forma crítica e na súa capacidade para a propia motivación e a organización nos procesos creativos.</i>
EI2	Participar na creación da partitura escénica e/ou personaxe,escénico ou audiovisual, e interpretalo adecuadamente, a través do dominio das diferentes técnicas interpretativas..
EI3	Participar na creación da partitura escénica e/ou personaxe,escénico ou audiovisual, e interpretalo adecuadamente, a través do dominio das diferentes técnicas interpretativas.
EI5	Concibir e fundamentar o proceso creativo persoal, tanto no que se refire ás metodoloxías de traballo como á renovación estética.

3. OBXECTIVOS DA DISCIPLINA	COMPETENCIAS VINCULADAS
1. Coñecer os conceptos de ritmo, movemento, harmonía, equilibrio, espazo e tempo, elementos básicos da Linguaxe Musical, para establecer os elementos comúns entre a expresión artística musical e a teatral.	X5, EI1, EI3
2. Utilizar as diferentes formas de expresión a través do corpo e da voz.	T7, T9, X5, EI1
3. Recoñecer nunha partitura os elementos esenciais da escrita musical para a súa correcta interpretación.	T13, X5, EI3
4. Utilizar os recursos rítmicos propios da Linguaxe Musical, adaptados á vivencia corporal.	X5, CE-1
5. Empregar á audición e á expresión musical como medios de coñecemento e de desenvolvemento da sensibilidade e da creatividade.	T13, T15, EI1, EI5
6. Servirse do "oído interno" para relacionar a audición coa súa representación gráfica, así como para recoñecer timbres, estruturas formais, indicacións dinámicas, expresivas, temporais, etc.	X6, EI1, EI3
7. Aplicar a coordinación motriz necesaria para a correcta interpretación do ritmo; utilizando as destrezas de asociación e disociación correspondentes	T6, T9, T15, X2, X5, EI2, EI5
8. Desenvolver a memoria musical mediante a interpretación de melodías e cancións que conduzan a unha mellor comprensión dos distintos parámetros musicais.	T6, T9, T15, X5, EI2, EI5
9. Valorar a propia voz como instrumento de expresión músico-teatral	T6, T13, X5, X6, EI1, EI5
10. Compartir vivencias musicais cos compañeiros, que permitan enriquecer a relación afectiva coa música a través do canto, do movemento, da audición e da participación instrumental no grupo.	T1, T7, T15, X2, X4, EI1, EI2, EI5

4. CONTIDOS		
TEMAS	SUBTEMAS	SESIÓNS
1. <i>CONCEPTOS E NOTACIÓN MUSICAL I</i>	1.1. A natureza da música. Calidades do son. 1.2. Altura: nomes e notación das notas. Claves. 1.3. Duración: figuras e silencios musicais. Tempo, rítmica e métrica. 1.4. Intensidade: Matices agóxicos e dinámicos. 1.5. Timbre: instrumentos de percusión da aula. A voz como instrumento musical.	10 horas
2. <i>MELODÍA E HARMONÍA I</i>	2.1. Física do son: Parámetros, principios básicos de acústica. 2.2. Estructuras tonais: Escalas maiores, grados e acordes. 2.3. Tons e semitóns. Intervalos: numeración. Alteracións.	5 horas
3. <i>RITMO E ENTOACIÓN I</i>	3.1. Improvisación, lectura e recoñecemento de ritmos. Figuras ata semicorchea cos silencios correspondentes e compases 2/4, 3/4, 4/4. 3.2. Improvisación, lectura e recoñecemento de melodías en Do Maior e en Clave de Sol.	15 horas
4. <i>TÉCNICA E INTERPRETACIÓN VOCAL I</i>	4.1. Exercicios básicos de corpo, respiración e vocalización. 4.2. Interpretación conxunta de cancións a unha ou máis voces. 4.3. Interpretación conxunta de cancións con movemento rítmico, percusión corporal e/ou acompañamento instrumental.	20 horas
5. <i>INTERPRETACIÓN INSTRUMENTAL I</i>	5.1. Lectura de ritmos e melodías con instrumentos de percusión. 5.2. Interpretación de fragmentos instrumentais breves cos instrumentos da aula. 5.3. Interpretación de acompañamentos instrumentais para cancións traballadas en clase.	10 horas
TOTAL SESIÓNS		60 horas

5. PLANIFICACIÓN DOCENTE			
Actividade / Número de horas	Presencial (horas)	Non presencial (horas)	Total
Actividades introductorias	1	-	1
Exposición teórico-práctica	10	5	20
Práctica individual	15	15	30
Práctica colectiva	15	5	15
Actividades Complementarias: traballos de aula	6	5	11
Titorías individuais	4	-	4
Titorías grupais	2	-	2
Actividades de avaliación. Probas	4	-	4
Actividades de avaliación. Presentacións / mostras	2	-	2
Actividades de avaliación. Revisión	1	-	1
TOTAL	60	30	90
PORCENTAXE	66,67%	33,33%	100%

6. PLANIFICACIÓN DOCENTE E METODOLOXÍAS DE ENSEÑANZA E APRENDIZAXE	
Actividades	Descrición
Actividades introductorias.	Actividades encamiñadas a presentar a materia.
Exposición teórico-práctica.	Actividades enfocadas á adquisición de coñecementos e habilidades vocais e instrumentais sobre a linguaxe musical, para su posterior aplicación musical.
Práctica individual	Aplicación dos coñecementos adquiridos á práctica da interpretación rítmica e melódica individual.
Práctica colectiva	Aplicación dos coñecementos adquiridos á práctica de interpretación rítmica e melódica grupal.

Traballos de aula.	<p>INTERPRETACIÓN INSTRUMENTAL: Realización e interpretación en pequenos grupos dun patrón rítmico con diversos instrumentos de percusión como acompañamento dunha canción escollida polos alumnos. Vanse utilizar un mínimo de tres instrumentos da aula con timbres diferentes para acompañar a melodía que poderá ser vocal ou instrumental. Deberase presentar tamén a grafía do traballo.</p> <p>MUSICOGRAMA: Elaboración/recreación dunha obra musical mediante unha representación gráfica, onde se poda discriminar diferentes sons, fortes-suaves, graves-agudos, rápidos-lentos, series ascendentes e descendentes, timbres, forma musical, partes da obra, estilo, época, autor, etc.</p> <p>INTERPRETACIÓN VOCAL: Interpretación individual dunha canción de estilo clásico traballada na aula, aplicando a técnica vocal básica de respiración e impostación da voz.</p>
Titorías individuais	Entrevistas que o alumno mantén co profesorado da materia para asesoramento/desenvolvemento de actividades da materia e do proceso de aprendizaxe. Traballo persoal dirixido do repertorio vocal asignado.
Titorías grupais	Ensinanza na que os estudantes levan a cabo a realización dun proxecto nun tempo determinado para resolver un problema ou abordar unha tarefa mediante a planificación, deseño e realización dunha serie de actividades.

7. ATENCIÓN PERSONALIZADA

Seguimento	Farase un seguimento personalizado integrado no traballo conxunto do grupo, facendo unha análise de cada caso específico e resolvendo cada casuística do xeito máis adecuado. <i>Tutoría presencial:</i> O alumnado ten un período de atención personalizada en horario non lectivo.
Orientación	Orientación respecto ás dúbidas e inquedanzas que xurdan en cada caso. <i>Tutoría electrónica:</i> O alumnado pode manter contacto permanente co profesor a través do correo electrónico.

8. FERRAMENTAS DA AVALIACIÓN

O alumno deberá establecer unha comunicación previa co docente, mínimo seis semanas antes da data do exame, para aclarar e concretar a estrutura e as particularidades do seu exame.

8. 1 Avaliación ordinaria

Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
<p><u>Exercicio teórico:</u> O alumno deberá responder a unha serie de cuestións relacionadas cos contidos da materia.</p>	T1, X5, EI1, EI3	10% (50% desta nota serán as notas obtidas ao longo do cuadrimestre no proceso de avaliación continua, no obstante é necesaria a súa realización para aprobalo)
<p>Dictados basados nos contidos da materia:</p> <ol style="list-style-type: none"> Rítmico. Melódico. 	X5, EI3	20% (50% desta nota serán as notas obtidas ao longo do cuadrimestre no proceso de avaliación continua, no obstante é necesaria a súa realización para aprobalo)

Lectura rítmica baseada nos contidos da materia: 1. Lectura recitada cun vocablo, levando a pulsación coa man. 2. Lectura simultánea de dúas liñas rítmicas distintas utilizando a percusión corporal.	T6, T13, X2, X5, EI3	15% (50% desta nota serán as notas obtidas ao longo do cuadrimestre no proceso de avaliación continua, no obstante é necesaria a súa realización para aprobalo)
Lectura melódica baseada nos contidos da materia: Entoación memorizada dunha melodía en Do Maior traballada en clase.	T6, T13, X2, X4, X5, EI3	15% (50% desta nota serán as notas obtidas ao longo do cuadrimestre no proceso de avaliación continua, no obstante é necesaria a súa realización para aprobalo)
<u>Interpretación vocal:</u> Acompañamento instrumental rítmico dunha canción en grupos pequenos	T6, T13, X5, X6, EI1, EI2, EI5	20% (50% desta nota serán as notas obtidas ao longo do cuadrimestre no proceso de avaliación continua, no obstante é necesaria a súa realización para aprobalo)
<u>Traballos:</u> 1. Musicograma 2. Interpretación individual diante dos compañeiros do grupo dunha canción traballada en clase	T1, T6, T7, T9, T13, T15, X2, X4, X5, X6, EI1, EI2, EI5	20% Os traballos serán entregados o día asignado, fora de prazo non contarán. (50% desta nota serán as notas obtidas ao longo do cuadrimestre no proceso de avaliación continua, no obstante é necesaria a súa realización para aprobalo)
Todas as partes deberán ser superadas e para calificar vaise valorar a precisión dos diferentes elementos musicais nos traballos prácticos: tempo, pulso, expresión musical, afinación, fluidez, continuidade e improvisación, etc. Ademais da presentación e corrección dos traballos escritos e/ou gráficos.		

8.2. Avaliación extraordinaria

Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
<u>Exercicio teórico:</u> O alumno deberá responder a unha serie de cuestións relacionadas cos contidos da materia.	T1, X5, EI1, EI3	10%
Dictados basados nos contidos da materia: 1. Rítmico. 2. Melódico.	X5, EI3	20%
Lectura rítmica baseada nos contidos da materia: 1. Lectura recitada cun vocablo, levando a pulsación coa man. 2. Lectura simultánea de dúas liñas rítmicas distintas utilizando a percusión corporal.	T6, T13, X2, X5, EI3	15%
Lectura melódica baseada nos contidos da materia: Entoación a primeira vista dunha melodía en Do Maior	T6, T13, X2, X4, X5, EI3	15%
<u>Interpretación vocal:</u> Interpretación individual dunha canción de estilo clásico utilizando a técnica vocal básica de respiración e impostación da voz. (Extensión máxima 24 compases).	T6, T13, X5, X6, EI1, EI2, EI5	20%

<u>Traballos:</u> 1. Realización e interpretación utilizando instrumentos de pequena percusión dun acompañamento instrumental con tres liñas rítmicas distintas para unha canción sinxela escollida polo alumno. (Extensión máxima 16 compases). 2. Musicograma.	T1, T6, T7, T9, T13,CT15, X2, X4, X5, X6, E11, E12, E15	20% Os traballos serán entregados o día dos exames, fora de prazo non contarán. E deberá aportar os compañeiros para as realizacións conxuntas
Todas as partes deberán ser superadas e para calificar vaise valorar a precisión dos diferentes elementos musicais nos traballos prácticos: tempo, pulso, expresión musical, afinación, fluidez, continuidade e improvisación, etc. Ademais da presentación e corrección dos traballos escritos e/ou gráficos.		

8.3 Avaliación específica para alumnado sen avaliación continua / ordinaria / extraordinaria		
Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
<u>Exercicio teórico:</u> O alumno deberá responder a unha serie de cuestións relacionadas cos contidos da materia.	T1, X5, E11, E13	10%
Dictados basados nos contidos da materia: 1. Rítmico. 2. Melódico.	X5, E13	20%
Lectura rítmica baseada nos contidos da materia: 1. Lectura recitada cun vocablo, levando a pulsación coa man. 2. Lectura simultánea de dúas liñas rítmicas distintas utilizando a percusión corporal.	T6, T13, X2, X5, E13	15%
Lectura melódica baseada nos contidos da materia: Entoación a primeira vista dunha melodía en Do Maior	T6, T13, X2, X4, X5, E13	15%
<u>Interpretación vocal:</u> Interpretación individual dunha canción de estilo clásico utilizando a técnica vocal básica de respiración e impostación da voz. (Extensión máxima 24 compases).	T6, T13, X5, X6, E11, E12, E15	20%
<u>Traballos:</u> 1. Realización e interpretación utilizando instrumentos de pequena percusión dun acompañamento instrumental con tres liñas rítmicas distintas para unha canción sinxela escollida polo alumno. Extensión máxima 16 compases. 2. Musicograma.	T1, T6, T7, T9, T13,CT15, X2, X4, X5, X6, E11, E12, E15	20% Os traballos serán entregados o día dos exames, fora de prazo non contarán. E deberá aportar os compañeiros para as realizacións conxuntas
Todas as partes deberán ser superadas e para calificar vaise valorar a precisión dos diferentes elementos musicais nos traballos prácticos: tempo, pulso, expresión musical, afinación, fluidez, continuidade e improvisación, etc. Ademais da presentación e corrección dos traballos escritos e/ou gráficos.		

9. BIBLIOGRAFÍA, MATERIAIS E OUTROS RECURSOS

Referencias básicas:

GROBA LORENZO, M. (2006): *Introducción á Linguaxe Musical*. Ed. Galaxia, Vigo.
Lenguaje Musical 01. Enseñanzas Elementales. Editorial Enclave Creativa. Madrid, 2006
Ritmo, Lectura y Entonación 01. Editorial Enclave Creativa. Madrid, 2006.
LOPEZ ARENOSA; Encarnación (2001): *Ritmo y Lectura 1*. Real Musical, Madrid
IBAÑEZ MAYOR, A & CURSÁ DE PEDRO, Dionisio (2004): *Nuevos Cuadernos de Teoría, Grado Elemental (nº 1-4)*. Real Musical, Madrid

--- o ---

TEXTOS, MATERIAIS E OBRAS DE LECTURA VINCULADAS AO PROGRAMA:

ESCUDERO, Mª P. (2000): *Didáctica Musical Activa*. Real Musical, Madrid.
NAVARRETE PORTA, Ana Mª (2000): *El Lenguaje de la Música 1*. Sociedad Didáctica Musical, Madrid.
OLIVIER, Bertrand (2007): *La voz del Ritmo*, Fuzeau,
RICHARD, Fabrice / BERTHE, Nicolas (2008): *Art of Rhythm*
SAINT JAMES, Guillaume (2006): *Body Tap*. Fuzeau, Barcelona.
SAINT JAMES, Guillaume (2008): *Body Tap 2*. Fuzeau, Barcelona.
SANUY, M., GONZALEZ SARMIENTO, L. (1969): *Orff-Schulwerk: Música*. Ed. Unión Musical Española, Madrid.

Referencias complementarias:

ALSINA, P. SESÉ, F. (2003): *La Música y su evolución. Historia de la música con propuestas didácticas y 49 audiciones*. (Libro + CD) Serie Didáctica de la educación musical 125. Ed. Graó, Barcelona.
BERNSTEIN, L. (2002): *El maestro invita a un concierto*. Ed. Siruela, Madrid.
EGEA, C. (coord); AGUILERA, E.; LAZKOZ, P.; MARTINEZ RIAZUELO, I. (2003): *Rock & Orff*. Biblioteca de Eufonía 178. Ed. Graó, Barcelona.
GRABNER, H. (2001): *Teoría General de la Música*. Ed. Akal, Música, Madrid.
JOFRÉ i FRADERA, J. (2003): *El lenguaje musical*. Ed. Ma Non Troppo, Barcelona.
MICHELS, U. (1992): *Atlas de la música I y II*. Ed. Atlas-Alianza. Madrid.
McCALLION, M. (2006): *El libro de la voz*. Ed. Urano, Barcelona
PISTON, W. (1984): *Orquestación*. Ed. Real Musical, Madrid.
SADIE, S. (2000): *Guía Akal de la Música*. Ed. Akal, Madrid.

10. OBSERVACIÓNS

Recoméndase asistir con roupa e calzado cómodo.

Os traballos por escrito deberán presentarse segundo os criterios establecidos polo centro en relación ao modelo, desenvolvemento e adecuación estilística e ortográfica (IP701.16 no apartado 7 do Manual de Calidade). Os traballos que non reúnan tales requisitos serán devoltos para revisión.

MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a ESAD de Galicia establece unha planificación extraordinaria que se **ACTIVARÁ NO MOMENTO EN QUE A ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA O DETERMINE**, atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da presente programación docente.

No suposto de que se produza unha emerxencia, a presente programación non sufrirá máis modificación que a derivada da necesidade de articular unha avaliación non presencial, para o que se establecerán as adaptacións necesarias nas actividades e ferramentas de avaliación, en relación coas competencias que se indican e coa ponderación que se sinala.

Para o caso da avaliación non presencial de toda a disciplina, as ferramentas e actividades de avaliación serían as que seguen:

ACTIVIDADE 1: Exercicio teórico-práctico: Competencias: T1, X5, E11, E13. Ponderación: 20%

ACTIVIDADE 2: Repentización rítmica. Competencias: T6, T13, G2, E13. Ponderación: 20%

ACTIVIDADE 3: Lectura entoada de notas. Competencias: T6, T13, G2, G4, G5, E13. Ponderación: 20%

ACTIVIDADE 4: Interpretación melódica. Competencias: T6, T13, G5, G6, E11, E12, E15. Ponderación: 20%

ACTIVIDADE 5: Traballos: Acompañamento de dúas cancións. Competencias: T1, T6, T7, T9, T13, G2, G4, G5, G6, E11, E12, E15. Ponderación: 20%

No caso de que o tránsito se produza iniciado xa o curso escolar, o profesorado combinará a avaliación do traballo presencial do alumnado coa avaliación do traballo non presencial, determinando as ferramentas (presenciais e non presenciais) a utilizar e a ponderación das mesmas.

AS PRESENTES MEDIDAS PODERÁN SER OBXECTO DE MODIFICACIÓN EN FUNCIÓN DAS DIRECTRICES OU INTRUCIÓNS QUE POIDA FACER PÚBLICAS A ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA, QUE SE COMUNICARÁN EN TEMPO E FORMA AO ALUMNADO POLAS CANLES HABITUAIS (PÁXINA WEB E CORREO ELECTRÓNICO).